

LA ENFERMEDAD DEL DOMINGO

[Ramón Salazar, 2018]

350

ESTREA EN NUMAX: 23.02.2018 | V.O. | +12

La enfermedad del domingo (2018, 113')

Dirección: Ramón Salazar

Guión: Ramón Salazar

Elenco: Bárbara Lennie, Susi Sánchez, Miguel Ángel Solá, Greta Fernández, Richard Bohringer, David Kammenos, Fred Adenis

Son: Álvaro López-Arregui

Montaxe: Teresa Font

Vestuario: Clara Bilbao

Dirección de arte: Sylvia Steinbrecht

Música: Nico Casal

Fotografía: Ricardo de Gracia

Produtoras: Zeta Cinema, ON Cinema (España)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

El domingo [curtametraxe], 2008

10.000 noches en ninguna parte, 2013

20 centímetros, 2005

Piedras, 2002

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2018 (Sección Panorama)

SINOPSE

Anabel abandonou a súa filla Chiara cando esta apenas tiña oito anos. Trinta e cinco anos despois Chiara regresa cunha estraña petición para a súa nai; pídelle que pasen dez días xuntas. Anabel ve nesa viaxe a oportunidade para recuperar a súa filla, mais non sabe que Chiara ten un propósito oculto e que terá que se enfrontar á decisión máis importante da súa vida.

«O director enrestra de forma delicadísima, entre a contención e o misterio, unha relación materno-filial marcada polo pasado»

Beatriz Martínez, FOTOGRAMAS



“No meu cinema sempre tentei deostar a figura masculina”

Entrevista con Ramón Salazar

Por Juan Sardá

Quería que *La enfermedad del domingo* tivese algo que case parece irreal?

Cando construímos ese mundo visual co director de fotografía pensamos que o filme ben podería ser unha especie de redención da alma dos personaxes, pero que en realidade podería non ocorrer. Chiara proponlle á súa nai pasar dez días xuntas, pero a súa nai non acepta. Entón non é que fora un soño, pero era unha posibilidade. Por outra banda, hai algo fantasmal. Case non hai xente en ningún sitio, os restaurantes están baleiros. Hai un ambiente postapocalíptico ao redor delas. Son reais estas rúas baleiras, estes restaurantes nos que non hai comensais? A partir da metade do filme mesmo desaparecen os secundarios. Trátase de que a estilización da posta en escena apoie a idea de que podía ser o desexo dunha filla tras ser abandonada.

Xa van dúas películas seguidas sobre fillos abandonados polos seus pais. Cal é o motivo? Eu de pequeno sempre tiña unha angustia enorme porque pensaba que me ían a abandonar os meus pais e esa sensación agudizábase aínda máis o domingo, non sei por que. Segundo a psicoloxía o abandono dunha nai transmite ao fillo a mensaxe de «non

vivas» ou «non mereces vivir». Con todo, o abandono dun pai deixa unha mensaxe moi distinta. Cando unha nai deixa ao seu fillo ou á súa filla, é coma se tamén lle quitase a vida e isto é un pouco do que vai *A enfermedad del domingo*. Ese é o motivo polo que Chiara busca a súa nai. É unha mensaxe tremenda, brutal.

Son esas «malas nais» un tabú nunha sociedade católica como a nosa? Susi Sánchez estivo totalmente involucrada no proceso de escritura do filme. Falabamos moito do tema das malas nais, que nos parecía fascinante. Interesábame que non houbese unha explicación. O único que chega a dicir na película é «eu quería máis». E ao final, na súa idade adulta, dáse conta de que quería máis, pero nunca abundou. Hai unha cousa e é que nunca falan dos temas do filme. Practicamente nunca falan do abandono nin da enfermidade. Son personaxes que nunca falan do importante. Ao mesmo tempo, ese reencontro é unha gran liberación. Aínda que sexa unha situación moi dura, é unha especie de agasallo. Hai un punto no que polo menos a dor é real, e no caso da nai, é case como o castigo que estaba a esperar.

Que pintan os homes nese mundo feminino? Cando había conflito na miña casa meu pai sempre repetía que el era a figura de autoridade. Pero, que ocorre se se cuestiona esa autoridade? No meu cinema sempre tentei deostar a figura masculina. Creo que neste filme sobre todo ocorre iso. Claramente os personaxes fixeron o que lles deu a gana na vida sen ter esa figura paterna para arroupalas.

Estamos condenados a cargar coas nosas accións do pasado? O pasado non é unha cousa que se poida cambiar, é algo que vai contigo aínda que te vaías vivir a Australia. Hai algo moi desatinado no que acepta esa nai. Aparece a súa filla 35 anos despois e proponlle ir uns días a unha casa no campo. E se a quere matar? Ela sabe que esa é unha oportunidade de emendar o pasado. Aínda que sexa morrendo ou o que non se sabe moi ben que lle vaia propoñer a filla. Por iso acepta, é consciente de que ese é o seu destino. Por iso tamén falamos de que é un desexo tan profundo que se cadra nunca ocorre, pero si ocorre mil veces na túa imaxinación.

Como foi o traballo coas actrices?

Con Susi traballei dous anos no guión e tivo unha implicación profundísima na película. Bárbara Lennie estaba vulnerábel, emocionada... Era como ver traballar a unha nena pequena. Bárbara ao principio non estaba segura, porque é máis nova que o personaxe, pero en canto fixo a proba deixoume alucinado. Chegou, fixo a proba e foi espectacular. Despois cheguei á conclusión de que era mellor que eu traballase con cada unha delas por separado. Íalle dando claves a unha que a outra descoñecía. O interesante era ver a dúas actrices tan distintas que aos poucos se van engraxando a través dos seus personaxes, como nai e filla se van ecualizando. Foi interesante non xuntalas, non facer que se coñecesen.

Publicado en elcultural.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

Faite
NUMAX!